



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA QUINCE DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Expte: 2024/G007/000007

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas do día quince de febreiro de dous mil vinte e catro, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 58 de data 14 de febreiro/2024 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, don Benito Manuel Vega Fernández, don Alejandro Antonio García Sousa e dona Tamara Sabín Caamaño. Non asiste por causas xustificadas dona Rosa Ana García López.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro e asiste a interventora municipal dona Elisa Marqués Parrilla.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, ésta celebrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 08.02.24 (ORDINARIA).-

O sr. alcalde pregúntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 08.02.24 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

2º.- PARTICIPACIÓN NA SUBVENCIÓN Á ENTIDADES LOCAIS PARA O PROGRAMA DE EQUIPAMENTO DE ORDENADORES PORTÁTILES E ALTOFALANTES PARA A CASA DA CULTURA E BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL.-

“Vista a ORDE do 22 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais de Galicia para o equipamento e a mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento CT211B)

PROPONSE

Participar en dita convocatoria para solicitar subvención para o programa de equipamento de ordenadores portátiles e altosfalantes para a Casa da Cultura e a Biblioteca Pública Municipal por un importe total de 4.435,26 eur (catro mil catrocentos trinta e cinco euros e vinteseis céntimos) que podería resultar subvencionado ate un máximo do 48 %
E,

aceptar as condicións e requisitos establecidos na orde, así como o compromiso de financiar o importe do proxecto que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista segundo a documentación achegada coa solicitude.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local acordará o que estime pertinente.

Valdoviño, 14 de febreiro de 2024.

O alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández”.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/A003/000005).

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e trinta minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/